



Exemplar gratuito

Silvia & Salvador

NO AUDITORIO DE FERROL

Xesús Constela

A xubilación como profesor tróuxolle a Xesús Constela (Ferrol, 1963) máis tempo para exercitar as súas dúas grandes paixóns, viaxar e escribir. Da primeira non para e dá conta na serie xornalística “Retallos do mundo”. Da segunda acabamos de ler o seu noveno libro, a distopía *Doce voz de megafonía* (Edicións Xerais), que xa vai pola segunda edición.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Helena Constela

Aí. *Doce voz de megafonía* débelle moito ao confinamento pola pandemia?

XC. Totalmente. Recuperei elementos nun dos contos do meu primeiro libro. Nes meses de 2020 non facía máis que escoitar da xente que viviamos nunha situación distópica, así que decidín escribir esta historia non moi longa e moi simbólica.

Aí. Hai elementos desconcertantes pero moi metafóricos, un gran centro comercial, un poder absoluto, unha insistencia polo consumismo e unha seguridade dentro do centro comercial.

XC. Si, creo que hai elementos cos que falar de xeito indirecto pero de forma moi evidente da nosa sociedade, de quen dita, manipula e ordena. Hai quen ten o poder de obrigar, de forma sutil, a facer cousas sen decatarse de que as estamos a facer. Neste caso é o que acontece coa “megafonía” do título, a voz do poder. Por exemplo hai pouco asistín á manifestación contra Altri en Pobra. Foi multitudinaria pero ao día seguinte na radio a conselleira de Medio Ambiente falaba da celulosa con palabras moi

requintadas, todo cor de rosa.

Aí. O centro comercial semella o noso primeiro mundo.

XC. Faló de Europa, sen dúbida o mellor lugar do mundo para vivir. Unha das miñas paixóns é viaxar. Fíxeno por todos os continentes agás por Australia. Canadá está moi ben pero é un país moi grande. Estados Unidos é un horror, agora con Trump máis, onde se non tes cartos morres, un permanente sálvese quen poida. África é terrible, como boa parte de Asia, e Xapón é unha sociedade moi competitiva, mentres que en China máis te vale non discrepar co poder. De verdade que Europa é unha illa de benestar, con moitas necesidades cubertas como nese centro comercial no que todos queren entrar.

Aí. O protagonista ten que ver cun personaxe real, único e irrepitible: o matemático Rodríguez.

XC. Cando souben deste científico dunha aldea de Lalín alucinei. Era un liberal de comezos do século XIX que corrixiu o meridiano de Greenwich, axudou a desenvolver o sistema métrico decimal e demostrou que

certas teorías de Newton eran correctas.

Aí. A cuberta do libro ten unha imaxe fantástica e moi relacionada co tema.

XC. É marabillosa, unha creación dun artista amigo de Marín, Eusebio Rivero. É un grupo de seres diminutos encerrados nunha lata de sardiñas. Moi metafórica.

Aí. Falabas antes de que elementos da novela xa estaban nun relato de *As humanas proporcións*, que se publicara en 2004 e gañara o Torrente Ballester e o Premio da Crítica. Que supuxo para ti ese libro a dúas décadas vista?

XC. Como escritor, todo. Cambioume a vida. Despois del viñeron oito libros máis, e os que queden, pero uns premios así estimulan a seguir coa vocación da escrita.

Aí. Agora estás xubilado pero en 2020 aínda dabas clase. Como recordas a época da pandemia no instituto?

XC. Como algo devastador. Dar clase online, que non valía para nada, e logo intentar dala en clase a alumnos de 2º de Bacharelato e preparalos para as ABAU. Todo un “paripé” porque aos tres días os rapaces



“NA NOVELA FALO DO PODER DE QUEN NOS OBRIGA A FACER O QUE QUEREN SEN QUE NOS DECATEMOS”

deixaron de vir por temor. Nada, foi todo unha sensación horrorosa, como todo o confinamento.

AÍ. Agora, xubilado, escribes e viaxas. E incluso creo que todo xunto.

XC. Son as dúas cousas que máis me gustan. No xornal dixital Pontevedra Viva teño a sección “Retallos do mundo” desde 2021. Alí fago crónicas das viaxes, xa digo, por todo o planeta agás Australia ata

o de agora. Van 56 artigos e vou alternando lugares de España, Europa e o mundo, facendo fotografías e cunha mirada que intento diferente. Neste ano iremos a Barcelona, Bulgaria, Pensilvania, onde vou entrar en contacto cunha comunidade amish, e a México polo Día dos Mortos. Con tanto material imaxino que algún día sairá un libro, veremos.

AÍ. Que diferente o viaxeiro do turista, non si?

XC. Totalmente. O turista acaba por matar os lugares aos que vai como Venecia que está esnaquizada. O viaxeiro escoita á xente, sáese do circuíto que lle marcan e coñece outras realidades. Pasoume hai pouco en Vietnam, historias estupendas coa xente. En fin, que os meus amigos xa me chaman Willy Fog!

AÍ. Que veremos de Xesús Constela no futuro?

XC. O principal é seguir a gozar do tempo libre. Pero xa hai unha novela terminada, algo diferente do que fixen ata agora, e incluso estou atrevéndome coa poesía. Vivo un momento de moito pracer para poder facer todo o que me gusta.

06 venres

20.30 H

VÍCTOR ANEIROS

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

3 €



O GUITARRISTA FERROLÁN CONMEMORA EN ESTE ANO O CUARTO DE SÉCULO DO LANZAMENTO DO SEU PRIMEIRO ÁLBUM EN SOLITARIO, *QUE EL BLUES TE ACOMPAÑE*.

Nestes 25 anos de traxectoria como solista e compositor, o blues-rock da súa guitarra combinouse con letras en español, inglés e galego. Puxo música a poemas de clásicos como Rosalía de Castro e Curros Enríquez e a contemporáneos como Ramiro Fonte no seu álbum *Brétemas dá memoria*, publicado en 2010, dous anos despois da morte do poeta. Aneiros ofrece nesta xira unha viaxe musical pola súa carreira.

07 sábado

23.00 H

MOON CRESTA

Música

SALA GUION (PONTEDEUME)

HORA E MEDIA DE POWER & FUNK. HORA E MEDIA DE BAILE, SUOR E XÚBILO.

Tras máis de 20 anos de actividade Moon Cresta presenta a súa quinta entrega discográfica: un disco diferente cun concepto literario, visual e musical innovador. A banda (Manu 'Dobre L' á guitarra, Manu Ares, batería, David 'Mr. D.' Vázquez á voz e teclados e Antón F. 'Piru' no baixo) conseguiu o recoñecemento do público e a crítica especializada avalado polas súas aparicións en espazos radiofónicos como Os concertos de Radio 3, 180 grados e outros; pero a verdadeira esencia de Moon Cresta só ten sentido sobre as táboas. O escenario é o seu hábitat, e nel viven, crecen e se desenvolven.

edicións **embora**

Pandeireteiras

Nerea Gómez · Icíá Varela · Xosé Manuel Varela

Pandeireteiras convidanos a un percorrido esencial pola traxectoria biográfica e artística das cantareiras que protagonizan as Letras Galegas de 2025. Representantes contemporáneas daquelas mulleres que inspiraran a Rosalía de Castro á hora de escribir *Cantares gallegos*, obra fundacional do Rexurdimento literario galego no século XIX.



12 xoves 20.30 H

CEMENTO MUSGO

Música

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL) 3 €

CANCIÓNS E VIDEOCREACIÓNS QUE CONFORMAN UNHA AUTÉNTICA PEZA DE ARTE AUDIOVISUAL E CONCEPTUAL.

Cemento Musgo propón un profundo exercicio de experimentación a catro niveles – música, letra, voz e imaxe –, e nace da unión de Sokram (MC de Dios ke te Crew, ilustrador, muralista, curador...), o produtor parisiense Coio e o artista visual A. L. Crego, pioneiro do gif art con gran recoñecemento internacional. Sons orgánicos e profundos subgraves secuenciados a través de complexos patróns rítmicos. Nas súas letras aluden a temáticas diversas como o ecoloxismo, as relacións humanas, o amor e o odio, a industria musical, a aliñación tecnolóxica e o colapso ambiental.

14 sábado 20.30 H

RUMBAGENARIOS

Música

AUDITORIO DE FERROL

30 €



A REINVENCIÓN CONSTANTE DE ALBERT PLA EVIDENCIASE NO FEITO DE QUE NESTES MOMENTOS TEN CINCO PROXECTOS EN MARCHA, DA SERIE DE YOUTUBE *ESPAÑA DE BORBÓN* A ESTE RUMBAGENARIOS, UN CONCERTO CON THE SURPRISE BAND.

O cantautor de Sabadell acompaña-se nesta xira de Diego Cortés, guitarrista adscrito á rumba salvaxe e proscrito pola pureza flamenca, Judit Farrés ás programacións e sons electrónicos, e Mariña Paxe e Teresa Garzón nos coros, palmas, baile e diversos quefaceres. Mulleres todas extraídas da canteira flamenca máis incipiente. No repertorio do concerto inclúe desde temas do seu primeiro disco (de hai 35 anos) ata pezas que aínda non pasaron por estudo.

II XORNADAS LITERARIAS



O POTE

**MANIÑOS
FENE**

ORGANIZAN:



CON AUTORAS E AUTORES DE FERROLTERRA

VENRES 13 DE XUÑO DE 2025 ÁS 19.30 H

COLABORAN:



20 venres


20.30 H

A XERAL

Cineconcerto

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



THE GENERAL, A PELÍCULA DE BUSTER KEATON, EXHÍBESE POR SEGUNDA VEZ NO CICLO CINECONCERTOS, DESTA VEZ COA MÚSICA EN DIRECTO DA BANDA MADRILEÑA THE JAZZ ON FIVE.

Johnny Gray é maquinista nun estado do Sur e ten dous grandes amores: unha moza (Anabelle Lee) e unha locomotora (A Xeral). En 1861, ao estalar a Guerra de Secesión, Johnny tenta alistarse, pero o exército considera que será máis útil traballando na retagarda. Con todo, Anabelle cre que é un covarde e rexéitao. O maquinista só pode demostrar o seu auténtico valor cando un comando nordista infiltrado nas liñas confederadas rouballe “A Xeral” e rapta a Anabelle. Johnny non dubida un segundo en subirse a outra locomotora e perseguir aos ianquis para recuperar a ambas as dúas amadas.

14 sábado

20.00 H

ÁNDALE, BON APETIT!

Teatro

AUDITORIO MUNICIPAL (CEDEIRA)

DIRIXIDA POR PEPABLO PATINHO E INTERPRETADA TAMÉN POR MONTSE PIÑÓN E JORGE CASAS, OS GHAZAFELHOS RECUNCAN NO SEU ÉXITO.

Unha reposición da exitosa obra da compañía ferrolá Teatro Ghazafellos Bon Appétit. Nesta ocasión, os chefs Felipe, Antonio e Francisco prepararán deliciosos pratos mexicanos facendo un pequeno repaso pola historia do país. Tamales, enchiladas, tacos... unha chea de receitas aderezadas con humor e acompañadas coa aparición de personaxes como Pancho Villa ou Frida Kahlo. A peza foi finalista a mellor proposta para público familiar nos Premios María Casares 2024.

edicións **embora**

Manolo González

O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas





Lendas da Pena **molexa** 2025

Día 13 de xuño

22:30 h. **Andaina Solsticial** (Baltar- Pena Molexa)

Día 21 de xuño

18:00: **Xogos Tradicionais**

20:00: Churrascada Popular + Bocatas Molexos

22:00: Concerto de **Milladoiro**

00:00: **Lenda da Fada da Pena Molexa**

00:30: **Grupo de Gaitas** do Padroado
da Cultura do Concello de Narón.

Organizan:



Colaboran:



21 sábado

20.30 H

PEDRO PASTOR

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

11 €



PEDRO PASTOR E A SÚA BANDA LOS LOCOS DESCALZOS PRESENTA *ESCORPIANO*, O SEU QUINTO DISCO, INSPIRADO NA SÚA ÚLTIMA XIRA LATINOAMERICANA.

O cantautor afianza o eclecticismo como un estilo en si. Xa vai para unha década que Pedro e os seus músicos comparten escenario e gravan os discos en bloque polo que o ensamble musical é sólido, a partir de aí, a alegría, a afinidade e o entusiasmo que inspiran Pedro, Álvaro, Nico e Alan no escenario é único. É difícil definir o estilo, sería algo así como merengue-rock-canción de autor. E as poderosas e directas letras que son, sen dúbida, o aceno de identidade deste proxecto.

21 sábado

18.00 H

FALA, FALA, FALANGUEIRA

Teatro

TEATRO DA BENEFICENCIA (ORTIGUEIRA)

PEZA TEATRAL ORIENTADA AO PÚBLICO FAMILIAR SOBRE A TRANSMISIÓN DA LINGUA GALEGA.

Matrioshka Teatro presenta unha proposta escénica dirixida a nenos e nenas a partir dos seis anos e as súas familias que vira ao redor da transmisión da lingua. Inspirada en poemas, cantares tradicionais, cartas, contos... a peza desenvólvese como unha sucesión de xogos. Cunha historia aventureira, divertida e máxica, combinada con elementos de teatro físico, cancións, narracións e factores sorpresa, así como co simbolismo da iluminación, transmitirase a mensaxe de que fai falta usar con orgullo a lingua galega.

edicións **embora**

Las adorables derrotas

Juan Carlos Valle Karlotti

A venda en librerías



21 sábado 22.00 H**MILLADOIRO****Música**

LUGAR DE VILASUSO. O VAL (NARÓN)




**CONCERTO DO GRUPO
REFERENTE DO FOLK DO PAÍS
PARA FESTEXAR AS LENDAS DA
PENA MOLEXA EN NARÓN.**

Levan 45 anos sobre as táboas, achegando a súa música a escenarios de todo o mundo, gravaron unha trintena de discos, centos de cancións e atesouran unha boa chea de premios, entre eles un Goya á mellor banda sonora, Premio da Música en 2000, a medalla Castelao ou a medalla de Galicia, entre outros.

22 domingo 19.30 H**SILVIA & SALVADOR****Música**

AUDITORIO DE FERROL

ENTRADAS ESGOTADAS



**BELEZA E ELEGANCIA NON SEMPRE VAN UNIDAS, MAIS SI NESTA
OCASIÓN: DOUS COMPOSITORES QUE, DESDE CATALUNYA E
PORTUGAL COMPARTEN SONORIDADES E AFECTOS.**

Silvia Pérez Cruz e Salvador Sobral presentan en directo novas cancións co desexo de dous amigos de levar máis aló a súa amizade e compartila tamén no plano creativo. O encontro é ademais unha celebración de inspiracións comúns: compositores e compositoras próximos a Silvia e Salvador serán os protagonistas do novo repertorio. Jorge Drexler, Luísa Sobral, Doura Morelenbaum, Lau Noah, Carlos Montfort e Jenna Thiam, Marco Mezquida, Javier Galiana e David Montiel escribiron cancións para este show.

**Tu tienda de música
en FERROL**




C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es
www.clefmusic.es

PROGRAMACIÓN XUÑO

2025



Gira 25 Aniversario
Victor Aneiros
Jofre | 20.30h | 3 €
Rock & (Fe)rrol



La maestra
Anita Maravilla & Portal71
Jofre | 12.30h | 3 €
Ciclo Infantil



Cemento Musgo
Torrente Ballester | 20.30h | 3€
Os Xoves da Capela



Rumbagenarios
Albert Pla & The Surprise Band
Auditorio | 20.30h | Desde 22 €
Rock & (Fe)rrol




El Maquinista de la General
The Jazz on Five
Jofre | 20.30h | 8 €
Cineconcerto



Escorpiano
Pedro Pastor y Los Locos Descalzos
Jofre | 20.30h | Desde 8 €
Rock & (Fe)rrol



Silvia & Salvador
Silvia Pérez Cruz e
Salvador Sobral
Auditorio | 19.30h | Desde 29 €
Anima Mundi



El acantilado de la muerte
Torrente Ballester | 20.30h
Gratuito
Clásicos Inéditos Versión Española

Entradas e información
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal



ESTREA DESTACADA | 6 DE XUÑO



Describiu Sirât como o seu filme máis político e radical até a data.

Creo que fun un pouco torpe cando dixen o de que era un filme político, é máis ben poética, por moito que conecte con estes tempos. É político en canto a que hai un desertar dunha maneira de estar no mundo. Hai un sabor crepuscular, unha consciencia de que isto se acaba e, ao mesmo tempo, un desexo de que se acabe pronto. Que todo cambie, que pasemos a outra cousa. En canto á súa radicalidade, non é buscada. É algo do que me decatei despois de escoitar as primeiras opinións, pero ao mesmo tempo é o meu filme máis aberto. Cando xa dominas máis o oficio es capaz de narrar mellor, de coñecer mellor ao espectador e, por tanto, podes ser máis radical.

Como foi a rodaxe no deserto?

A ver, os de Movistar estaban preocupados cando vían que ía rodar no deserto, con actores non

profesionais e con todos os efectos que necesitaba. E eu dicíalles: esta é a miña peli máis fácil. Se me metín coa cámara en incendios de verdade, de que me estás a falar? Está chupado. Se estiven no Atlas a 3000 metros trasladándome en mula. Aquí íamos de reis. E foi moi dura climaticamente e foron máis semanas de rodaxe, que eu nunca rodara máis de cinco e esta foron sete, pero foi sinxelo en comparación.

¿Como foi a súa experiencia xunto a Sergi López?

Os meus filmes non pediran ata o de agora que aparecese un actor con esas horas de voo, pero esta vez si era necesario. Traballar con Sergi López foi moi satisfactorio, púxose rapidamente ao servizo do filme e do resto do elenco, que era non profesional. A xente que meto nas miñas rodaxes é moi especial, os cinco raveiros teñen unhas historias increíbles, e Sergi encaixou de seguida. É moi intuitivo, moi próximo,

actúa como é, non parou de aconsellar e apoiar ao resto do equipo para xerar seguridade. Deunos o que pedía esta filme: naturalidade e realismo.

Catro filmes e os catro seleccionados (e premiadas) en Cannes, que significa para a súa carreira este festival?

Pois mira, xa son 15 anos desde que vou a Cannes, pero sei que me segue custando convencer co meu cinema para vendelo. Entendo o contexto, o meu cinema ten algo diferente, nin mellor nin peor, pero tivenme que gañar a atención fora do festival. Eu creo que Mimosas tiña calidade para estar xa en oficial, non en competición pero n'Un certain regard, e que *O que arde* xa debía ter estado en competición. Pero entendo o mundo no que vivimos, e por iso Televisión Española non me propuxo o seu apoio ata o cuarto filme.

Ricardo Rosado para Fotogramas

06 xuño

SIRÁT

Oliver Laxe

2025 | ESPAÑA | 115' | ESPAÑOL



Un home (Sergi López) chega co seu fillo a unha rave perdida no medio das montañas do sur de Marrocos. Busca a súa outra filla Mar, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Rodeados de música electrónica e un tipo de liberdade que descoñecen, deciden seguir a un grupo de raveiros á procura dunha última festa no deserto, coa esperanza de atopar á rapaza.

Cannes 2025 (Premio do Xurado)

“Tan radical e fonda como sorprendente. Definitivamente, o cinema de Laxe non para de medrar” *El Mundo*

LA TRAMA FENICIA

Wes Anderson

2025 | EUA | 110' | INGLÉS



Zsa-zsa Korda, un rico empresario europeo, vese envolvido nunha enguedellada trama de espionaxe acompañado da súa filla Liesl, unha monxa coa que non ten unha boa relación. Xunto a un grupo de personaxes peculiares, ambos deben tomar decisións moralmente ambiguas.

Cannes 2025 (sección oficial)

“O mellor filme de Anderson no que levamos de década.” *El Periódico*

13 xuño

LA RECETA PERFECTA

Louise Courvoisier

2024 | FRANCIA | 90' | FRANCÉS



Totone, de 18 anos, pasa a meirande parte do tempo de festa na rexión do Jura co seu grupo de amigos. No entanto, a realidade atrápaos: ten que coidar da súa irmá de 7 anos e gañar a vida. Proponse fabricar o mellor queixo da rexión para facerse cun premio de 30.000 euros.

Cannes 2024 (Mellor Filme Un Certain Regard)

Unha fábula sinxela, directa, que flúe con lixeireza e convence co seu gran corazón” *otrosines.com*

TRES KILÓMETROS AL FIN DEL MUNDO

Emanuel Pârnu

2024 | RUMANÍA | 105' | RUMANO | +12



Adi (17 anos) pasa o verán na súa vila natal, no delta do Danubio. Unha noite é brutalmente agredido na rúa, e ao día seguinte o seu mundo envorca. Os seus pais xa non o miran como antes, e a aparente tranquilidade da vila comeza a rachar.

Cannes 2024 (sección oficial)

“Un potente alegato contra a homofobia, unha intriga absorbente, un demoledor retrato de incompetencia parental” *El Periódico*

20 xuño

THE LAST SHOWGIRL

Gia Coppola

2024 | EUA | 86' | INGLÉS | +12



Unha experimentada bailarina de 50 anos debe planificar o futuro cando o seu espectáculo pecha de súpeto. Como nai, esfórzase por reparar unha tensa relación coa súa filla, a miúdo nun segundo plano na súa vida.

San Sebastián 2024 (Premio Especial do Xurado)

“Incrible intensidade emocional e vulnerabilidade, oxalá o comezo dunha nova carreira para Pamela Anderson” *IndieWire*

NE ZHA 2

Yu Yang

2025 | CHINA | 144' | CHINÉS



Ne Zha, un neno demo criado por humanos, forma unha incómoda alianza co príncipe Ao Bing para protexer aos seus clans.

Ne Zha debe embarcarse nunha perigosa viaxe na que descobre unha conspiración que desencadeará unha guerra devastadora entre o ben e o mal.

Unha audaz reinterpretación da mitoloxía chinesa que xa é o filme de animación con máis espectadores do mundo.

“Cinema de animación impresionante, dunha envergadura poucas veces vista” *El mundo*

27 XUÑO

A LA DERIVA

Jia Zhangke

2024 | CHINA | 111' | MANDARÍN | +12



A inicios dos anos 2000, en China, Qiaoqiao e Bin viven un amor apaixonado pero fráxil, cantando, bailando e gozando de todo o que a cidade de Datong lles pode ofrecer. Porén, Bin decide probar sorte noutra provincia máis grande e marcha sen avisar nin deixar rastro. Tempo despois, Qiaoqiao emprende unha viaxe para tratar de localizalo.

Cannes 2024 (sección oficial)

“Arrebatada, somnámbula, lírica, carnal e memorable” El Mundo

TREN DE SOMBRAS

MÉR 26 ÁS 20:00

LA QUIMERA DEL ORO: 100 ANIVERSARIO

Charles Chaplin

1925 | REINO UNIDO | 72' | INGLÉS | +7



Durante a febre do ouro, os buscadores desafían o perigoso Paso de Chilkoot, Alaska, coa esperanza de facérense ricos. Unha treboada leva a un buscador solitario a refuxiarse nunha cabana. No entanto, a cabana xa está ocupada polo foraxido Black Larsen, que intenta guindar fóra o vagabundo. Porén, fortes ventos arrastran ao homiño de volta para dentro, e non tarda en aparecer tamén o Jim. Nos días seguintes, os tres homes conviven como poden, mentres a súa fame medra e o trebón non para de bruar.

PASE ÚNICO CON MOTIVO DO 100º ANIVERSARIO

“Unha comedia con rasgos de poesía. É a xema máis espectacular de todos os filmes de Chaplin” Variety

DIVAS DEL JAZZ

PASE - CONCERTO NO DUPLEX CINEMA



XOV 5 ÁS 20:00

Vive unha noite especial dedicada ás grandes divas do jazz: Ella Fitzgerald, Nina Simone, Billie Holiday e Sarah Vaughan.

Coa apaixonada voz de María Zerpa, o talento de Andrés Comesaña ao piano e a expresividade de Moisés Melchor á trompeta, este trío interpretará versións das cancións máis emblemáticas que fixeron famosas a estas lendarias artistas, mentres se proxectan imaxes que reviven momentos históricos, detalles biográficos, escenas de filmes dedicados a elas e actuacións memorables.

Un espectáculo vibrante e evocador que fusiona música, cinema, historia e emocións para render homenaxe ás voces que transformaron o jazz nunha arte eterna.

Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 3 ÁS 20:00

UNA NOCHE SIN SABER NADA

Payal Kapadia

2021 | INDIA | 95' | HINDI | +12

Nalgún lugar da India, L, unha estudante de cinema, escribe cartas ao seu amante ausente. A súa voz entrelázase con imaxes e fragmentos de vida –festas, encontros, manifestacións

populares– que revelan un mundo en sombras, atravesado por mudanzas radicais. O filme mergúllanos nos medos, desexos e lembranzas dunha xuventude en rebeldía, ansiosa de liberdade.

Cannes 2021 (Oeil d'Or ao Mellor Documental)

“Este documental abstracto sobre o propósito da universidade india moderna é, en moitos aspectos, un dos mellores filmes de estudantes xamais feitos.” IndieWire



MAR 10 ÁS 20:00

ERNEST COLE: LOST AND FOUND

Raoul Peck

2024 | EUA | 106' | INGLÉS | +12



Ernest Cole, fotógrafo sur africano, foi o primeiro en expoñer ao mundo os horrores do Apartheid. Peck relata a súa axitación como artista e a súa rabia ante o silencio do mundo occidental, ademais de como se descubriron 60.000 negativos da súa obra na caixa forte dun banco sueco.

Cannes 2024 (Special Screening)

“Un documental fascinante ” The Hollywood Reporter

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO

De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinala o contrario.

Facemos parte de:



JUNHO

ASSOCIA-TE!



domingo
08
19.00hs

MULLERES NO ANTIGO HOSPITAL DE CARIDADE
Uma performance de Maquinarias Teatro

BILHETEIRA INVERSA (RECOMENDAÇÃO 5€ MÍNIMO)

vidAs asomadas



sexta-feira
13
18.00hs



feita fim de curso

ARTES E MÚSICAS MIÚDAS

ATUAÇÕES E DEPOIS MERENDA

domingo
15
11.00hs



ROTEIRO

JANTAR-CONVÍVIO
TRAZ O TEU BOCAL

inscrições no 651 696 542

PENA MOLEXA PRAIA DE CAMPELO

saída às 11.00 de Pena Molexa



difficuldade baixa
1 hora e 30 minutos aprox

BRINCAR mas

domingo
15
19.00hs



TEATRO

ENTRADA LIVRE ATÉ COMPLETAR AFORO

HEROÍNAS COTIÁS

GRUPO DE TEATRO "MUIÑEIRAS DO VENTO"



sexta-feira
20
20.30hs



CONTADA CON

XURXO SOUTO

"SOMOS UN POBO DE ARTISTAS"

E DESPOIS...

CENTRO CÍVICO DE CANIDO

ENTRADA LIVRE

HABERÁ PETISCOS A PREZOS POPULARES

REPICHOCA

segunda-feira
23
18.30hs



NOITE DAS LUMEIRADAS

EM CANIDO

CHOUPIÇOS-LISCOS-MÚSICA

CENTRO CÍVICO DE CANIDO

★ARTABRIA

colabora: Deputación DA CORUÑA

Mulino do Vento

QUE NOME NOS SILENCIEM



POR UMHA ORDENANÇA DE RUÍDO AO SERVIÇO DO POVO E DA CULTURA


★ARTABRIA



colabora:
Deputación
DA CORUÑA

FERROL

www.ferrol.gal



PROSAS BREVES

VANTAXES E INCONVENIENTES DE CASE TODO

XOSÉ CERMEÑO | EDITORIAL GALAXIA | 144 PÁX. | **16€**

FRONTE AO PRESTIXIO DA EXTENSIÓN, A PROSA BREVE TEN QUE LOITAR CON ENXEÑO, ERUDICIÓN OU HUMOR PARA SACAR A CABEZA NA COMPETENCIA ENTRE OS XÉNEROS LITERARIOS.

Poucos autores de noso como Xosé Cermeño para facer deste tipo de narrativa un referente maior coas cualidades citadas, e abofé que o logra con este “Vantaxes e inconvenientes de case todo”. A traxectoria de Cermeño inclúe desde guións para populares series de televisión ata libros de relatos divertidísimos como “Os nervios da cabeza” ou, noutro ton, a deliciosa novela “Días felices con Fábila”. Agora Cermeño elabora un volume construído de entradas breves, desde un par de liñas a un par de follas, no que a xeito de dicionario desprega a súa oceánica curiosidade sobre todo tipo de temas cunha mirada insólita sobre o mundo de noso, como microensaio de peto ou opinións feitas de enxeño. Temos cuestións gastronómicas onde non falta a tortillas con e sen cebola e un apartado mariñeiro, con ese bacallau tan ancorado á nosa cultura. Tamén moita literatura (Delibes, Rubem Fonseca, Jorge Ibargüengoitia...) acordeóns, cinema, zooloxía, viaxes, mitoloxía, patrimonio, lingua galega e palabras, palabras, palabras inzadas de sabedoría e moito humor. Unha obra moi entretida e agradecida para calquera que se queira deixar perder entre liñas.

NOVELA

WASHINGTON SQUARE

HENRY JAMES (TRAD. CLARA BOUZADA) | GALAXIA | 336 PÁX. | **20,50€**

Henry James (1853-1916) fala de novo galego. O mestre da novela psicolóxica clásica regresa á lingua de noso con este “Washington Square”, un dos seus cumios, unha obra ambientada no Nova York decimonónico que narra a historia de Catherine, unha moza inxenua, e a súa relación co seu pai, un home estrito e controlador. A trama céntrase en como a manipulación e os celos afectan a súa vida e o seu amor. A obra destaca a importancia da confianza e a liberdade persoal, mostrando como as relacións familiares poden influír no noso destino. Traduce Clara Bouzada.

RELATOS

EL CEREMONIAL

W. AA. | EDITORIAL VALDEMAR | 752 PÁX. | **19€**

A editorial Valdemar especializada no xénero do fantástico e no terror, presenta para o seu Club Diógenes unha antoloxía de 23 relatos do xénero denominado “horror folk”, terror e paganismo en ambientes rurais en principio subxénero cinematográfico (“The wicker man”) pero ampliado retrospectivamente á literatura. Autores como Lovecraft, Manchen, Le Fanu, Vernon Lee ou Thomas Hardy entre outros figuran neste gorentoso volume que une extensión, calidade e bo prezo e resulta unha guía excelente para mergullarse en atavismos e maldicións precristiás.

DELICIAS SONORAS

**ANTONIO TIZÓN COPLAS ANALFABETAS**

Neste ano no que as voces femininas foron homenaxeadas polo seu aporte á cultura galega, o escritor Antonio Tizón quixo recuperar a memoria dunha delas moi especial. Trátase da súa avoa María Dominga Cordeiro García, muller analfabeta de memoria prodixiosa con centos de coplas que grazas a ela non se perderon. O seu exemplo inspiroulle ao neto unha serie de textos que aquí se inclúen, nun formato de libro-CD baixo o título de “Coplas analfabetas”. Conta cunha ampla colaboración musical nas 14 pezas incluídas no traballo destacando artistas como Eugenia Sanmartín, que cantou, recitou, compuxo músicas e fixo producións na maioría das cancións, así como Daniel Adzemian. Así mesmo o dúo Barahúnda, Helena de Alfonso e José Lara, tamén cantou e produciu varias coplas e incluso a cantante Carmen Penim. Con eles moitos outros músicos fan desta obra, ilustrada por María Quinteiro, unha cesta coherente a pesar do variado dos seus vimbios. Quizá por brotar da poética de Tizón que denuncia a inxustiza social, a desigualdade e reflexiona con emoción sobre o inevitable paso do tempo.

**THE MINUS 5 OAR ON, PENELOPE**

Hai máis de tres décadas naceu The Minus 5, unha banda creada para que o talento de Scott McCaughey (Young Fresh Fellows) descansara doutros proxectos e se xuntara con colegas de REM, Bangles, Dream Syndicate e outros referentes dos 80. A broma ficou seria e continuou ata hoxe cunha quincena de discos publicados malia o ictus padecido hai uns anos por McCaughey. O seu novo traballo é este “Oar on, Pelélope!” (A remar, Penélope!) tralo que paira a sospeita de que o mundo iría bastante mellor se fosen as mulleres quen levaran o leme da embarcación. No traballo atopamos 12 estupendas cancións cheas da enerxía contaxiosa de Scott McCaughey en calquera dos estilos que os seus seareiros admiran: power pop, rock, folk, psicodelia ou o que lle boten. Acompañan ao talentoso músico sospeitoso habituais como Peter Buck (REM) ou Debbi Peterson (Bangles) entre outros. Temas tan estimulantes como “I don’t want hate anyone”, “Burgundy suit”, “We shall not be released” ou “Blow in my bag” dan fe de que estamos ante un disco maior. E estando McCaughey polo medio é dicir moito.

**AUDIOVISUAL QUÉ TE DEBO, MALCOLM?**

Vén de estrearse na plataforma Filmin o documental adicado ao irrepitible músico madrileño Malcolm Scarpa (1959-2022). O traballo está dirixido por Enrique López Marijuan coa produción da irmá do artista, Rosa Scarpa, e resulta moi sinxelo. Unha parte é unha actuación variada de músicos que interpretan algunhas das súas 300 cancións e doutra banda algún dos artistas que o coñeceron máis de preto falan con devoción do mestre. No concerto nos baixos do cine San Pol que inspirou unha fermosa canción ao músico actúa xente como Los Estanques, Anni B. Sweet, Luis González, Luis Prado, Juan Ferrari e moitos máis que admiran a Scarpa pola mestura de blues, jazz, pop e psicodelia, ese estilo de seu irrepitible e inimitable, entre a maxia e a fantasía. A outra parte pertence a varios dos músicos e amigos que falan del e contan anécdotas gorentosas, especialmente Rosa Scarpa. A conclusión é que un músico e compositor prodixioso habitou entre nós, acadou a admiración de xente con bo gusto e a maioría do persoal nin se decatou. Que o documental axude a paliar este pecado.

XUÑO

03martes

CINE: MUSICAIS CLÁSICOS

19.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

LOS PARAGUAS DE CHERBURGO



04mércores

INFANTIL

17.00 h Centro Cívico Social de San Xiao. Narón

CANTO TRABALLO, QUE DIVERTIDO!, DE ESPERANZA MARA

06venres

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

VÍCTOR ANEIROS



MÚSICA

22.00 h Sala La Room. Ferrol.

DAVID MALLADA E RUBÉN MARTINEZ

07sábado

FESTA

12.00 h Paseo de Xuvia. Narón.

FESTA DO MARISCO

TRASANCOS ROCK

18.00 h A Revolta. Sedes. Narón.

TROPA DO CARALLO, MANIFA, ARPAVIEJAS, LENINCAT, LIXO SOZIAL, RAIADE



MÚSICA

23.00 h Sala Guión. Pontedeume.

MOON CRESTA



MÚSICA

00.30 h Sala La Room. Ferrol.

HOMBRE DE PLÁSTICO + CABUXA BLUE

08domingo

INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LA MAESTRA



10martes

CINE: MUSICAIS CLÁSICOS

19.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

MY FAIR LADY

12xoves

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CEMENTO MUSGO



13venres

LENDAS DA PENA MOLEXA

22.30 h Baltar-Pena Molexa. Narón.

ANDAINA SOLSTICIAL

MÚSICA

00.00 h Sala La Room. Ferrol.

LADY EVIL

14sábado

4º AGROCARBARÉ

13.00 h Horta comunitaria de Canido. Ferrol.

DIANA SIEIRA, PAJARITO, MEIGO SIMÓN, PATRI CAMEAN, ALBA TROITEIRO, SILVIA E SOFI, RAUL E LUCÍA, CATRE TEATRO, INPROVISONS



INFANTIL

20.00 h Auditorio municipal. Cedeira.

ÁNDALE! BON APPÉTIT!



MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ALBERT PLA AND THE SURPRISE BAND



MÚSICA

00.00 h Sala La Room. Ferrol.

SCHOOL: TRIBUTU A NIRVANA

20venres

CINECONCERTO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

EL MAQUINISTA DE LA GENERAL Y JAZZ ON FIVE



21sábado

LENDAS DA PENA MOLEXA

18.00 h Lugar de Vilasuso. O Val. Narón.

XOGOS TRADICIONAIS

20.00 h Lugar de Vilasuso. O Val. Narón.

CHURRASCADA POPULAR + BOCATAS MOLEXOS

22.00 h Lugar de Vilasuso. O Val. Narón.

MILLADOIRO EN CONCERTO



00.00 h Lugar de Vilasuso. O Val. Narón.

LENDAS DA FADA DE PENA MOLEXA

00.30 h Lugar de Vilasuso. O Val. Narón.

GRUPO DE GAITAS DO PADROADO DA CULTURA DE NARÓN

INFANTIL

18.00 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.

FALA, FALA, FALANGUEIRA



SOLPORES DE CANIDO

20.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

MENTAH



21.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

NUTRIAS

22.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

RAQUEL PLATA

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

PEDRO PASTOR Y LOS LOCOS DESCALZOS



22domingo

FESTA

11.00 h Varios espazos. Ares.

ALFOMBRAS FLORAIS

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

SILVIA PÉREZ CRUZ E SALVADOR SOBRAL



23luns

NOVO CIRCO

11.00 h Paseo marítimo da Magdalena. Cabanas.

CABARET DE CIRCO MOC MOC



MÚSICA

22.00 h Paseo marítimo da Magdalena. Cabanas.

RECAMBIOS TUCHO

25mércores

CINE CLÁSICO

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

EL ACANTILADO DE LA MUERTE



ai

**Nº 204
ANO XVIII**

EDITA:

ee edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

